



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 2 DE XULLO DE 2009**

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martíns Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
D.Manuel Rafael Estévez González
Dña.Laura Miguez Pérez
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dña. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández
D.Roberto C.Valverde Sabin

NON ASISTIU: D. Manuel A. Gonzalez Marcote

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a dous de xullo de dous mil nove, reúnen-se os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas, o Sr.Alcalde-Presidente sinala que debido ó falecemento da nai do traballador do Concello, Manuel Fernández Collazo, conductor do camión de basoira, enviouse dende o Concello un escrito de pésame por parte de toda a Corporación e unha coroa de flores. Declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR.

Acta de 4 de xuño de 2009.

Sometida a aprobación a devandita acta, foi aprobada por unanimidade.

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da devandita relación de resolucións da Alcaldía.

3.-APROBACION, SE PROCEDE, DO NOVO REGULAMENTO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BAIONA.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde cede a palabra á **SRA. SILVA, PP**, quen da conta da seguinte:

PROPUESTA DE ALCALDÍA

Resultando que en data 06/09/2007 o pleno da corporación aprobó inicialmente a Ordenanza de prestacións dos servizos de axuda no fogar e y teleasistencia publicándose de forma definitiva o texto da ordenanza no BOP núm. 64 de data 22/11/2007.

Por parte de Servizos Sociais infórmase da necesidade de modificar a Ordenanza do servizo de axuda ó fogar para adaptala ós criterios establecidos na Orden de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma de Galicia y a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia sendo recomendable unha nova redacción do regulamento e derogación do anterior

E por isto polo que propono ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Derogar a Ordenanza de prestacións dos servizos de axuda no fogar e y teleasistencia publicándose aprobada poo pleno da corporación en data 06/09/2007.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o novo Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Baiona.

Terceiro.- Someter o regulamento a exposición ó público polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do concello.

SR. LORES, PSOE.- Isto é a consecuencia de adaptar un Regulamento a unha nova estrutura, a unha nova Lei, polo tanto non temos nada que comentar; vamos a abstermos neste punto.

SR. FERNANDEZ, BNG.- Nos parece ben esta moción; xa na Comisión Informativa habíamos feito unha enmenda, un parágrafo, que o goberno ía a estudiálo para ver si se tiña en conta ou non; quixeramos saber se vaise a aceptar.

SRA. SILVA, PP.- Creo que o Sr. Fernández se refire ó artigo 11: "formas de presentación do servizo", estivemos estudiando esa enmenda e pensamos que está de máis; iso hai que formalizalo directamente, o parágrafo ó que vos referídes, cando se faga a contratación da empresa, e lóxicamente hai que seguir a Lei; como dí o noso parágrafo, que paso a leer: "*O servizo de axuda no fogar do Concello de Baiona prestaráse a traves dunha entidade privada, debidamente autorizada; para sua contratación atenderáse as modalidades de xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público a través de entidades privadas debidamente autorizadas*"; normativa vixente, estivemos dándolle voltas, que cumpra os requisitos do artigo 12 de 22 de xaneiro, pero pensamos que pode ser modificada por calquer circunstancia e creemos que o que é "normativa vixente" xa engloba o que vostede pide, ou sexa, é reiterativo; pensamos que ten que quedar así.

SR. ALCALDE.- E un razoamento xurídico; estivemolo vindo coa señora Secretaria e pór algo moi concreto ddunha normativa moi concreta faría que en caso de cambiar a normativa habería que volver a modificar a Ordenanza, entón, como xa pón "normativa vixente" isto inclúe



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

evidentemente todo o que ten cumprir; se cambia a normativa actual por outra quedaría contemplado, senón habería que volver a modificar a ordenanzas; é un tema práctico.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A emenda a fixemos por unha cuestión da nosa asesoría xurídica, simplemente, para especificar concretamente cal era a normativa vixente porque posiblemente así as veces se eliminan posibilidades de lagunas legais que aparecen nos textos; en todo caso, se consideran que debe quedar como está, non hai problema ningún por parte nosa.

Sometido polo Sr.Alcalde a votación o presente punto, resultan: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); producíndose 5 abstencións, PSOE.

Polo cal o Pleno, por maioría, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Derogar a Ordenanza de prestacións dos servizos de axuda no fogar e y teleasistencia publicándose aprobada polo pleno da corporación en data 06/09/2007.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o novo Regulamento do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Baiona.

TERCEIRO.- Someter o regulamento a exposición ó público polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do concello.

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DE PREZO PUBLICO POLA PRESTACION DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E TELEASISTENCIA DO CONCELLO DE BAIONA.

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.SILVA, PP**, quen da conta da seguinte:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Resultando que en data 06/09/2007 o pleno da corporación aprobou inicialmente a Ordenanza de prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e teleasistencia do Concello de Baiona publicándose de forma definitiva o texto da ordenanza no BOP núm. 64 de data 22/11/2007.

Por parte de Servizos Sociais infórmase da necesidade de modificar a devandita Ordenanza para adaptala ós criterios establecidos na Orden de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar na Comunidade Autónoma de Galicia.

E por isto polo que propono ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Modificar a Ordenanza de prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e teleasistencia do Concello de Baiona nos seguintes termos

“ARTIGO 3 BIS.- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONOMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO.-

1 Considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda persoal e ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes.

3.A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4.Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de co - titularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe, ou parella de feito, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

6.A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe ou parella de feito ou relación semellante, e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7.A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8.Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal, así como dos datos das pensións ou nóminas do último mes anterior á solicitude.

9. O concello establecerá, no último cuatrimestre do ano, unha revisión anual, para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 4.- EXENCIONES

De acordo coa Orden de 22 de enero de 2009 por la que se regula el servicio de ayuda en el hogar en la Comunidad Autónoma de Galicia estarán exentos da obriga de participar no custo do servizo as persoas usuarias cuxa capacidade económica sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM),



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

9. O concello establecerá, no último cuatrimestre do ano, unha revisión anual, para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 5.- CONTÍA

O importe do prezo público debe cubrir como mínimo o custo do servizo prestado. No obstante por razóns sociais o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes caso deberá consignarse nos oramentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante.

5.1 Axuda no Fogar

O concello establece unha regulación progresiva do copagamento do servizo que debe respectar en todo caso os límites expresados na seguinte escala, así establecidos pola Xunta de Galicia, no artigo 18 da Orde do 22 de xaneiro do 2009:

- a) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda do 300% do indicador público de renda de efectos múltiples asumirán un mínimo dun 10% e un máximo do 20% do custo do servizo.
- b) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% pero que non exceda do 500% do indicador público de renda de efectos múltiples asumirán un mínimo dun 21% e un máximo do 60% do custo do servizo.
- c) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 61% e un máximo do 65% do custo do servizo.

3. Sen prexuízo do establecido na liña anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais no casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar, a exclusión social e a pobreza infantil, motivado sempre no informe social emitido pola traballadora social do Concello.

COPAGAMENTO PROPOSTO

TABOIA DE COPAGAMENTO DE AXUDA NO FOGAR	
INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM	COPAGAMENTO PROPOSTO
Entre o 100% e o 150%	10%
Entre o 151% e o 200%	12%
Entre o 201% e o 250%	15%
Entre o 251% e o 300%	20%
Entre o 301% e o 350%	28%
Entre o 351% e o 400%	37%
Entre o 401% e o 450%	45%
Entre o 451% e o 500%	60%
Máis de 501%	65%

SEGUNDO.- Someter o regulamento a exposición ó público polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do concello.

SR.LORES, PSOE. - Isto é unha consecuencia do punto anterior, polo tanto mantemos o mesmo sentido do voto.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Sometido polo Sr.Alcalde a votación o presente punto, resultan: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); producíndose 5 abstencións, PSOE.

Polo cal o Pleno, por maioría, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Modificar a Ordenanza de prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e teleasistencia do Concello de Baiona nos seguintes termos

“ARTIGO 3 BIS.- DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONOMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO.-

1 Considerárase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda persoal e ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes.

3.A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

4.Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Consideranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de co - titularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe, ou parella de feito, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

6.A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe ou parella de feito ou relación semellante, e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

7.A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

8.Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal, así como dos datos das pensións ou nóminas do último mes anterior á solicitude.

9. O concello establecerá, no último cuatrimestre do ano, unha revisión anual, para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 4.- EXENCIÓNS



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

De acordo coa Orden de 22 de enero de 2009 por la que se regula el servicio de ayuda en el hogar en la Comunidad Autónoma de Galicia estarán exentos da obriga de participar no custo do servizo as persoas usuarias cuxa capacidade económica sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM),

9. O concello establecerá, no último cuatrimestre do ano, unha revisión anual, para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar.

ARTIGO 5.- CONTÍA

O importe do prezo público debe cubrir como mínimo o custo do servizo prestado. No obstante por razóns sociais o Concello poderá fixar prezos públicos por debaixo do limite previsto no apartado anterior. Nestes caso deberá consignarse nos oramentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante.

5.1 Axuda no Fogar

O concello establece unha regulación progresiva do copagamento do servizo que debe respectar en todo caso os límites expresados na seguinte escala, así establecidos pola Xunta de Galicia, no artigo 18 da Orde do 22 de xaneiro do 2009:

a) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% pero que non exceda do 300% do indicador público de renda de efectos múltiples asumirán un mínimo dun 10% e un máximo do 20% do custo do servizo.

b) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% pero que non exceda do 500% do indicador público de renda de efectos múltiples asumirán un mínimo dun 21% e un máximo do 60% do custo do servizo.

c) As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% do indicador público de renda de efectos múltiples, asumirán un mínimo dun 61% e un máximo do 65% do custo do servizo.

3. Sen prexuízo do establecido na liña anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais no casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar, a exclusión social e a pobreza infantil, motivado sempre no informe social emitido pola traballadora social do Concello.

COPAGAMENTO PROPOSTO

TABOIA DE COPAGAMENTO DE AXUDA NO FOGAR	
INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM	COPAGAMENTO PROPOSTO
Entre o 100% e o 150%	10%
Entre o 151% e o 200%	12%
Entre o 201% e o 250%	15%
Entre o 251% e o 300%	20%
Entre o 301% e o 350%	28%
Entre o 351% e o 400%	37%
Entre o 401% e o 450%	45%
Entre o 451% e o 500%	60%
Máis de 501%	65%

SEGUNDO.- Someter o regulamento a exposición ó público polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do concello.

5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE RELATIVA Ó CONFLICTO DO METAL.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó SR.LORES, PSOE.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- O Partido Socialista municipal, facéndonos eco do sentir da poboación tanto de Baiona como da comarca, queremos presentar a este Pleno a seguinte **MOCION**:

O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCION:

A falla de acordo entre os Sindicatos e Patronal coa mediación da Xunta de Galicia para asinar un novo Convenio provincial do metal está a crear importantes dificultades non só ós empresarios e traballadores do sector, senón a toda a sociedade, en xeral.

Tendo en conta que a situación económica na que nos atopamos actualmente é especialmente preocupante, que son moitas as familias de Baiona que dependen, directa ou indirectamente deste sector e que no inicio da temporada turística necesitamos un entorno social pacífico e unha imaxe exterior de concordia, é polo que o grupo municipal socialista somete á consideración do Pleno esta Moción, para que se adopte o seguinte ACORDO:

- Instar, coa máxima urxencia, ó sector empresarial, Sindicatos, e Xunta de Galicia, a chegar a un acordo satisfactorio para todas as partes.
- Dar traslado deste acordo a: Delegación da Xunta de Galicia en Vigo, C.I.G., U.X.T., C.C.O.O., e Confederación de Empresarios de Vigo.

CONTINUA.- Este é o texto da moción. O Partido Socialista, o grupo municipal, queremos facer unha aposta pola concordia social na nosa Comarca; todos sabemos que este conflito do metal ten consecuencias para Baiona posto que hai moitas familias que traballan directamente no naval, en Citroen, en pequenos talleres mecánicos, en empresas auxiliares da construción como carpintería de aluminio, e incluso nos mecanizados, de Puxeiros; hai moita poboación da nosa Vila que vive deste sector. A nosa aposta non é a de criticar, nin de pórnos a favor ou en contra de ninguén, simplemente é de urxir á responsabilidade fundamentalmente dos Sindicatos e dos empresarios, e tamén reclamar a presenza da Xunta neste conflito que está xa a ter unha prolongada duración posto que levamos xa vinte e tantos días de folga e moitos miles de millóns de euros perdidos; polo tanto creemos que urxe este acordo e dende o grupo socialista é o que queremos transmitir á sociedade e ó Pleno de Baiona.

SR.RODAL, PP.- Como no pode ser de outra maneira, desde el Partido Popular apoyamos la iniciativa presentada en esta Moción; estamos viviendo un problema muy serio que afecta a unos 27.000 trabajadores en la provincia de Pontevedra, y como muy bien comentó el compañero Lores, el problema realmente está entre la Patronal y los Sindicatos; llevan 5 meses de negociaciones más estas 3 semanas de huelga indefinida, aunque creemos, por las noticias de hoy, que lleva un visto mejor ultimamente. Entendemos que la nueva Xunta de Galicia ha hecho sus deberes, tanto la Delegada Territorial de la Xunta en Vigo, Lucia Molares, como el Presidente del Consejo de Relaciones Laborales, Sr.Demetrio Fernández, así como el Jefe de Inspección de Trabajo, Sr.Jose María Casas; ha habido multitud de reuniones, sabemos también de la reunión de las 32 horas, pero las 2 partes, tanto la Patronal como los Sindicatos, en muchas de ellas no han querido ni escuchar las mediaciones. La última que ha habido ha sido la del martes por la tarde, el día 30 de junio, donde las posturas se acercaron bastante, los Sindicatos bajaban hasta el 5,1 puntos y la Patronal llegaba hasta el 2,6, había una diferencia de un 2,5, que en los 3 años sería un 0,8 por anualidad, entonces lo que hacían los mediadores de la Xunta sería bajar un 0,4 por cada una de las dos partes para así finalizar el conflicto, pero tampoco llegaron a un acuerdo con esa última mediación.

Reiteramos y apoyamos la iniciativa del grupo socialista en que esto no beneficia a nadie, ni a los trabajadores, ni a la empresa obviamente, porque muchos trabajos se van para Portugal, ésto no se puede sostener; parece que afecta muchísimo más a Vigo por las manifestaciones en sus



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

calles, pero entendemos que como muy bien se comentó en la Moción nosotros estamos en una zona turística y no podemos estar dando esta imágen ni a nivel turístico ni a nivel nacional, ni en nuestro propio entorno; por todo ello apoyamos esta Moción.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Queremos facer unha enmenda ós acordos que veñen reflexados nesta moción; engadir un punto que dixera: "*Esixir da Xunta de Galicia que exerza as súas competencias cunha mediación activa e constante, salvando os obstáculos e facilitando propostas razoables para ambas partes que poñan fin ó conflito laboral*".

Entendemos que a Xunta de Galicia non ten que ser un simple mediador senón que ten que exercer a súa posición activa e esixir de ambas partes que se senten, que negocien, e que acorden. Polo tanto facemos esta proposta e pedimos ó Partido Socialista que nos acepte a enmenda.

SR.VILAR, CMÑ.- A Moción me parece bastante oportuna e sobre todo é unha moción que marca a declaración de intencións do Pleno de Baiona; francamente estáse dando unha imaxe lamentable de conflictividade para toda a nosa comarca con este conflito do metal que pón en grave risco o que é a supervivencia do tecido industrial da nosa zona. Entendemos que este conflito debe rematar e especialmente nun momento de crisis como o que estamos vivindo, debe ser prioritario mantér os postos de traballo. Dende a miña óptica persoal descoñezo cales son os intrínquilos da subida salarial que se manexa nestes momentos, iso será tema da Mesa de negociación; agora ben, como cidadán de a pé, todos nos damos conta que trasladar o conflito que poida existir nas empresas á rúa, sempre é unha gran problemática, e a proba está en que a maioría dos cidadás da Comarca os están padecendo. Entendemos que ten que haber outras vías; o dereito de folga é un dereito indiscutible que teñen os traballadores, pero deben aplicar ese dereito dentro das súas propias empresas, e sempre regulado polos mecanismos de respecto e civismo ata os demais.

A mín me gustaría trasladar aquí o que pensan a maioría dos cidadáns, que levar este conflito á rúa non é positivo nin é bó; en canto ó acordo, supoño que todas as partes que aquí se fixeron mención, son as que teñen que aplicar o sentido común para intentar resolver este conflito.

Estamos a favor desta Moción tal e como está escrita, sen dúbida.

SR.LORES, PSOE.- Grazas a tódolos grupos por este recoñecemento. En canto á enmenda do BNG, recoñecer que é certo que a Xunta de Galicia ten un papel importante nestas mediacións, e así xa se fixo tamén noutros Convenios, cando o Delegado de Traballo era Pedro Borrajo, e agora está a Delegada da Xunta intentando mediar.

(Neste intre o Sr.Alcalde pide ó público silencio e respecto para os membros da Corporación).

SR.LORES, PSOE.- En canto á enmenda do BNG, queremos destacar que o espírito desta moción é de concordia, non de introducir ningún tipo de elemento que poida disociar este interés xeral, que é o interés de concordia social. Evidentemente a Xunta de Galicia ten seu protagonismo pero quenes teñen que chegar a un acordo son os Sindicatos e as empresas. Entendemos que a Moción debe quedar como está.

SR.RODAL, PP.- Desde el grupo popular no apoyamos la enmienda del BNG; apoyamos esta Moción tal y como está, como hemos dicho; es un tema solidario. En Vigo, creo que el 16 de junio, se presentó esta Moción en un Pleno extraordinario y se fué más a un nivel partidista, atacando muchísimo a la Xunta, y así no hubo un compromiso por todas las partes; creo que aquí se hizo una buena exposición de esta moción por parte del Partido Socialista, por lo cual todos la vamos a apoyar.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Creo que pode haber moita concordia e moitas ganas de querer resolver as cousas, pero cando se levan xa 22 días de folga e hai traballadores que están na rúa cobrando este mes pasado, algúns, 100 euros de soldo, cando polo que se está pelexando é por un aumento de 50 euros/mes, non se pode falar xa a estas alturas nin de concordia nin de imaxe; hai moitos veciños nosos que están traballando en Vigo, no sector naval, veciños deste pobo e do Val miñor, que este mes levaron para casa 100 euros de salario, e teñen hipotecas, e teñen contratos de aluguer que teñen que pagar; por iso creo que a estas alturas non se pode falar nin de imaxe nin de concordia.

A mín me sorprende por parte do PSOE que non acepten a enmenda cando foi aprobada en Vigo tal cal; foi aprobada polo PSOE e polo BNG conxuntamente a proposta que lle acabamos de dar. Por iso me sorprende.

Concordia, sí, pero chega un momento que xa está ben de concordia; eu circulo tódolos días polas ruas de Vigo e vexo como están os traballadores, e vexo o que teñen ó lado: máis Policías que traballadores; por defender os seus dereitos; e nesa textura estivemos todos, ou a inmensa maioría dos que estamos aquí, durante moito tempo, xogándonos a pel, xogándonos o posto de traballo e xogándonos tamén o salario. Polo tanto creo que merecen un pouco de respecto uns traballadores que levan 22 días de folga e que se dignaron a ir a Santiago a pé para que os recibira o Presidente da Xunta e non lle abriu a porta; e o goberno deste Concello, fai uns meses, cando o cór da Xunta era outro, falaba ben distinto, pero non só polo metal, senón polo Colexio de Bahiña, pola APA do Colexio, que ahí os ten: pasaron as eleccións, se acabou o día e se acabou a romería; agora xa lle molestan, antes non lle molestaban; tampouco lle molestaban cando viñan aquí os militantes do PP a insultar e a inxuriar ós concelleiros da oposición; hoxe sí que lle molestan os veciños; pois a mín non me molestan; me molestan tanto eses como os do outro día, polo tanto, café para todos. Nada máis.

SR.ALCALDE.- Non se exalte Sr.Fernández, hoxe non quero traballar como médico, tranquilo.

SR.LORES, PSOE.- Entendemos a postura do BNG e do seu Sindicato, pero esta é unha Moción que ten unha vocación de entendemento, non de confrontación; ademais entendemos que é o que na rúa se está solicitando dos poderes públicos, dos Sindicatos, e dos empresarios: que se chegue a un acordo dunha vez por todas e que isto deixe de ser unha sangría económica e social para a nosa Comarca; este era o sentido da Moción, non era outro, e así o plantexamos. Grazas a todos.

SR.ALCALDE.- Quero felicitar o Partido Socialista pola Moción presentada; me parece que nun momento de crisis económica é fundamental que unamos forzas, que todos estemos por mellorar as condicións. Evidentemente en toda a historia sempre houbo diferencias, lóxicamente, entre traballadores e patronal, pero creo que dende os poderes públicos temos que estar para colaborar e tratar de que se chegue a un acordo canto antes porque iso é bó absolutamente para todos. Pola miña parte, felicitar a iniciativa do PSOE.

Procede o Sr.Alcalde a votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:

- Instar, coa máxima urxencia, ó sector empresarial, Sindicatos, e Xunta de Galicia, a chegar a un acordo satisfactorio para todas as partes.

- Dar traslado deste acordo a: Delegación da Xunta de Galicia en Vigo, C.I.G., U.X.T., C.C.O.O., e Confederación de Empresarios de Vigo.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

EXPLICACION DE VOTO.-SR.FERNANDEZ, BNG.- Votamos a favor a pesares de que consideramos que a Moción é incompleta.

6.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.

O **SR.FERNANDEZ, BNG**, da conta da seguinte **MOCION**:

As nais e os pais do alumnado levan décadas loitando por unha mesma caus: que os libros de texto escolares sexan gratuitos para as familias con fillos e fillas matriculados en colexios públicos e concertados. Se como dí a Constitución española no seu artigo 27.4 o “ensino básico é obrigatorio e gratuíto”, os manuais de texto que o alumnado necesita para seguir o curso tamén deberían selo. Tal e como está configurado o sistema educativo, o libro é aínda un elemento imprescindible que as familias están obrigadas a adquirir cada comezo de curso. En realidade, ao esixir este esforzo económico nons e cumpre co precepto constitucional, nin se garante a igualdade de oportunidades de todos e todas á educación.

Por Orde de 6 de xuño de 2003 (Diario Oficial de Galiza do 12 de xuño), convocouse o programa de gratuidade de libros de texto nos centros de ensino sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuitos, e establecéronse as súas normas de organización e funcionamento como un servizo fundamental á sociedade por parte dos poderes públicos, como servizo de préstamos que favorece a igualdade de oportunidades entre o alumnado e inculca valores de solidariedade, conservación do material para a súa reutilización por outras persoas e coidado do ben colectivo.

No curso 2009-2010, dáse un paso atrás, cunha obsesión da actual Consellería de Educación de desmantelar os logros conseguidos en etapas anteriores argumentando que non adoptara aínda medidas concretas sobre o programa impulsado polo goberno anterior.

Rexeitamos que unha das primeiras medidas que pon en marcha o goberno do PP sexa a de apoiar os recortes sociais. Dende o BNG, queremos lembrar, que a día de hoxe hai en Galiza 82.000 familias agardando que a Consellería de Educación defina a súa política en materia educativa, porque aínda non saben que vai pasar cos libros de texto no vindeiro curso académico e qué vai pasar co programa de gratuidade dos libros de texto.

Consideramos inaceptábel a supresión da gratuidade universal dos libros de texto, anunciada polo Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, na sesión do Consello Escolar de Galiza do 18 de xuño, admitidas tamén polo Presidente da Xunta de Galiza. Esta proposta de recorte, xunto con outras que a Consellería de Educación está levando adiante neste primeiros meses do seu mandato, supón unha medida regresiva que atenta ao carácter público e gratuito do ensino, e evidencia unha vez máis a política negligente que este goberno está a levar a cabo.

Esta medida non pode ser a resposta do Goberno aos problemas económicos na actual situación, tal e como argumentou o Conselleiro. De feito, nun contexto económico precario, o Goberno debe manter a gratuidade dos libros de texto para favorecer a economía das familias, e non usar a crise como pretexto para artellar discrecionalmente calquera tipo de político, mesmo aquelas que supoñen un ataque frontal ás garantías fundamentais polas que o Gobrnro debe velar. Esta política supón un paso atrás no plano educativo e social.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

A tres meses da toma de posesión non sabe qué política educativa vai empregar, finalizando o curso cun total desconcerto e desconfianza por parte das familias.

É curiosa a maneira de entender a responsabilidade deste novo goberno que, por unha banda, realiza unha absurda enquisa ás nais e aos pais sobre a lingua na que queren os contidos dos libros de texto e, pola outra, toma despóticamente a decisión de eliminar a gratuidade dos mesmos.

Finalmente, debemos recordar que o sistema creado polo anterior goberno da Xunta de Galiza introducía a solidariedade de compartir os libros, e que existen 82.000 familias agardando unha decisión.

Por isto, é polo que o BNG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- Instar á Xunta de Galiza a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico.

SR.RODAL, PP.- En esta moción que presenta el BNG, en el tercer párrafo dice que en el curso siguiente, 2009-2010, se dá un paso atrás por una obsesión de la actual Consellería de Educación de dismantelar (después daré pruebas que no es de dismantelar, sino de mejorar y hacer una mejor gestión) los logros conseguidos en etapas anteriores. No sé a que etapas anteriores se refiere: si a la suya ó a la anterior; quiero recordarle que el compromiso inicial del camino hacia la gratuidade de los libros fué en el 2003 y en ese año estaba el Partido Popular.

También comenta que esta propuesta de recorte evidencia "unha vez máis, a política negligente que este goberno está a levar a cabo", o sea que en 3 meses ya tenemos una política negligente; no, es una política de sentido común y sobre todo de austeridade; también dice "é curiosa a maneira de entender a responsabilidade deste novo goberno que por unha banda realiza unha absurda enquisa ás nais e ós pais sobre a lingua na que queren os contidos dos libros de texto", claro que hacemos consultas, nosotros consultamos, no como ustedes que imponían; impusieron la lengua gallega y así les fué como les fué; nosotros no imponemos.

Y continúa: "e toma despóticamente a decisión de eliminar a gratuidade dos mesmos"; eso no es cierto, es un trabajo que va desapareciendo paulatinamente, no es una eliminación de la gratuidade de los textos, va desapareciendo paulatinamente y lo voy a explicar ahora. Sobre lo que dice de que: "existen 82.000 familias agardando unha decisión", que yo sepa en los Consejos escolares ya tienen notificación del nuevo Plan que le voy a describir un poquito como va a ser por si usted no tiene constancia. Esto se va a basar en unas bolsas de libros, entonces no es que se retire la gratuidade; va a ser una bolsa ó beca, como quiera llamarle; y la desaparición será de una forma paulatina; va a desaparecer lo que era el préstamo, y le informe que este curso 2009-2010 el préstamo va a seguir en 3º y 4º de Primaria, y en Secundaria; se modificará en 1º, 2º, 5º y 6º, así para este año; y después en el siguiente Curso 2011-2012 habrá bolsas también para 1º y 3º de la ESO, y en el siguiente habrá bolsas para todos los niveles; ¿qué significa para todos los niveles?, será por el tema que hablamos de la austeridade, según la renta. Habrá gente, se supone que un 25%, de rentas bajas, que podrá acceder al máximo que son 180 euros; 180 euros en Primaria supone el pago de todos los libros en propiedad, no en préstamo, y da para los cuadernillos y para el material escolar. El 50% para rentas mejores, cuando se pueda llegar hasta los 9.000 euros por miembro de familia, podrán acceder al 50% que serán unos 90 euros; eso englobará a un 40% de la población, o sea que si antes he dicho que las rentas bajas está estipulado que en Galicia es un 25% de la población, y las rentas medias es un 40%, nos queda un 35% que si que no percibirá la gratuidade de los libros, y pienso que se puede entender porque estamos en un momento de austeridade, y según el cálculo del bipartito (que ahora ya no está gobernando) la inversión este año en libros sería de 14 millones de euros, según el cálculo de la nueva Xunta será de 9,7 millones, o sea, habrá un ahora de un 30,7%; y si esto lo equiparamos a los próximos cursos el bipartito hubiese gastado



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

70 millones de euros, y el nuevo equipo de la Xunta lo que gastará será unos 49 millones de euros en libros, lo que supone un ahorro de un 30%; y ese ahorro del 30% se invertirá en el tema educativo, mejora de transporte, mejora de baños, etc., y también en mejora de los comedores.

Decir también que el sistema de bolsas no es un tema de la Xunta de Galicia, está implantando en distintas Autonomías, de hecho hay Autonomías que son del PSOE como Asturias o Extremadura donde ya está funcionando este sistema; también otras Autonomías que son del PP, como Castilla-León, y Madrid; pero el importe más alto de estas bolsas o becas sí va a ser aquí, en Galicia, ya he dicho antes que podrán ser 180 euros, inclusive la Educación Especial puede llegar a 250 euros, y creo que la Comunidad anterior es de 133 euros, en la Comunidad de Navarra.

La política del PP es una gratuidad solidaria, es solidaria, como usted ha dicho, entendemos que estamos en un momento delicado y no tratamos de sacar la gratuidad de los libros, es simplemente ayudar al que menos puede, ni más ni menos. Cuando nace un niño desde el Estado se le dan 2.500 euros, y da igual que el niño se apellide Fernández, Lores, Rodal o Koplovich, se le van a dar los 2.500 euros igual, y aun por encima no están ni gestionados, resultando que si yo tengo un hijo con esos 2.500 euros me puedo comprar una televisión de plasma o me puedo ir al Caribe, nadie me dice ni exige que ese dinero vaya para mi hijo.

Ya he dicho que esto es un ahorro, de un 30%, que en esas cantidades es mucho dinero, y que va a repercutir en beneficio de la educación; entendemos que es una gratuidad solidaria. Muchas gracias.

SR. LORES, PSOE.- Esta moción do BNG parécenos moi oportuna, tanto no momento como no seu contido; aquí o que queda de manifesto é xustamente as dúas formas de entender o goberno e as dúas formas de entender o servizo á sociedade; a primeira medida que adoptou o goberno bipartito foi precisamente a gratuidade dos libros de texto, e pola contra a primeira medida que fai o goberno do PP é retirar esa gratuidade; parécenos que isto vai a marcar, xa está marcando, os distintos xeitos de entender o goberno e os distintos intereses que teñen uns e que tiñamos outros.

Se fala de que esta é unha forma solidaria, que se aforran cartos, que estamos en época de crisis, pois non é así exactamente, as contas non son así; aquí decían que a previsión do bipartito para este próximo curso era de 14.000 euros e que a que ten o PP son 9.000 euros, cunha diferenza: os 14.000 euros tiñan unha duración de 4 anos; perdón, millóns. Os libros de texto non eran propiedade dos alumnos nin dos pais: eran propiedade dos Centros educativos e eran eles quenes xestionaban este reparto e o seu uso solidario durante 4 anos; as inversións eran para 4 anos e non anuais como vai a pasar agora.

Este é un sentido distinto de enfocar as axudas, o que se está facendo é aumentar o gasto e reducir o número de beneficiarios; nós tiñamos unha gratuidade de libros de texto universal e cun coste menor ó que van ter agora estas axudas que van a estar repetíndose anualmente simplemente por decir que os libros de texto son propiedade; os libros son instrumentos de traballo e hai que educar tamén na súa conservación e súa solidariedade e non ten ningún sentido que a Xunta de Galicia lle dé os libros en propiedade a ninguén. O que ten é que pór tódolos medios para que a Educación sexa universal e non exista ningún tipo de discriminación por razóns económicas ou sociais. Para nós isto é algo importante, de feito o grupo parlamentario socialista xa presentou o 27 de maio unha proposición non del Lei para que os libros de texto se manteñan gratuitos para todos os galegos. Moitas grazas.

SR. ALCALDE.- Sr. Lores, estou impresionado, acabo de oír unha frase que pode incorporarse a un libro de Carlos Marx: "que non hai que discriminar por diñeiro"; ou sexa, que ós millonarios hai que darlles exactamente o mesmo que ó menos favorecido; de verdade que iso aínda non o había escoitado.

SR. VILAR, CMÑ.- Se presenta aquí esta Moción por parte do BNG con tintes políticos, como non pode ser doutro xeito, para iso estamos aquí no Concello. Estamos falando dos libros de texto, e dende o noso punto de vista digo que por fin se intenta racionalizar a distribución dos mesmos.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Quero facer unhas pequenas reflexións con relación a este tema: os que levamos moito tempo no Ensino sabemos que os libros de texto sempre foron un negocio das editoriais, ou polo menos, estiveron uns anos atrás moi enfocados a ese negocio cambiando de edicións continuamente o que nos levaba ós propios profesionais a mirar un claro negocio para que a xente comprara cada certo tempo eses libros non tendo a posibilidade de cun irmán os deixara a outro, ou a algún familiar, ou amigo; había un claro negocio que nos parecía desproporcionado. Chegabas á conclusión de que a famosa enciclopedia de Alvarez, que era un texto único, que se mantivo durante moitos anos en moitísimas xeneracións (que por certo non creou analfabetismo en España senón todo o contrario), era un compendio de todo o que era a Cultura e funcionaba bastante ben nas antigas Escolas primarias; poño o exemplo entre o que foi un texto que se mantivo durante moitísimos anos e o que era o desmadre das editoriais, facendo edicións, cambiando incluso cada 2 anos, era algo desproporcionado.

De ahí se pasou ó tema da gratuidade, que se foi implantando de xeito periódico ata chegar a un sistema de gratuidade case total nos últimos anos. Isto conlevou que un sector importantísimo dentro do sector do traballo, que era o sector de Artes Gráficas, presentara unha serie de protestas porque realmente o sector había padecido moitísimo, eran moitas imprentas as que se habían pechado, traballadores que xa non podían traballar nas editoriais, de tal maneira que o crecemento que tiñan as editoriais se había mermado ostensiblemente pola gratuidade dos libros de texto; incluso a viabilidade de moitas librerías tamén se puxo en entredito. Efectivamente, o que se estaba facendo con colexios era algo que non contentaba a case nadie, incluso nin ós propios alumnos que tiñan as veces que recibir libros herdados doutros compañeiros e non estaban nas mellores condicións, a pesar da vontade dos profesores de esixir que se conservaran estes libros.

Qué dúbida cabe que hai un cambio no Goberno galego e se plantexa atallar este problema, que non é un problema fácil; e se atalla cunha óptica fundamental para todos: que sexan as rentas máis baixas as que teñan a gratuidade dos libros de texto, e que as rentas máis altas lóxicamente non teñan que recibir esa axuda; neso estaremos dacordo todos porque era unha discriminación cunha persoa que tivera ingresos altos recibira grátis os libros de texto, iso en calquer sociedade non está contemplado. De ahí este plan de racionalización dos libros de texto que, dende a nosa óptica, ten temas positivos; primeiro, o sector das Artes Gráficas llo mirou con optimismo e polo menos creen que a crisis á que estaban abocadas librerías con esta nova medida pode repuntar; este sector das Artes Gráficas é moi importante posto que abarca a moitísimos traballadores; segundo: nos propios Centros sabemos que, ó implántalo de xeito periódico, nadie con carencia de recursos vai ter que pagar un cán polos libros de texto; eu creo que dentro duns anos ese plan de aforro que se vai a experimentar, e que está estudiado, realmente vai a beneficiar a outras inversións que se poden facer no sector educativo, como decía o portavoz do PP. Entendemos que ésta é unha medida racional, que vai a mellorar á que tiñamos implantada ata agora, que era un pouco irracional, non se sabía a onde se ía; e entendemos que sobre todo vai mantér o espírito de solidariedade que debe primar na distribución dos libros de texto: que as rentas máis baixas teñan eses textos gratuitos.

En canto ó contido dos libros, esa é outra historia da que falaremos noutro momento, se son en galego ou se son en castelán; iso é obxecto doutro debate.

Esta Moción que presenta o BNG se fai dende unha óptica política e sen unha visión clara do que vai a representar o futuro Plan que presenta a Consellería de Educación; eu estou convencido de que este novo Plan é mellor do que había antes, e vai a ser mellor; e sobre todo, cunha ampla visión global, este novo plan non foi criticado polas centrais sindicais. Hai un cambio de Goberno na Xunta de Galicia e é lóxico que o BNG presente este tipo de Mocións.

Estamos en contra non por dicir que non, senón por tódolos argumentos que acabo de expór. Creemos que o novo Plan de gratuidade dos libros de texto que presenta a Xunta de Galicia é máis racional, máis solidario, e sobre todo, que vai a permitirnos un aforro, e que o sector das Artes Gráficas (que son moitísimos os traballadores que están nese sector) teñan polo menos un halo de esperanza, que ata agora estaba practicamente truncado, coa política de gratuidade dos libros de texto. Nos estamos a favor do Plan da Xunta de Galicia e, obviamente, contra esta Moción do BNG.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

SR.FERNANDEZ, BNG.- Aquí poidemos escoitar frases de todo tipo, hai algunha que de verdade que non ten desperdicio; Sr.Vilar, decía vostede que era unha medida irracional, foi o Sr.Fraga quen fixo esta medida e quen a puxo en marcha, foi o Sr.Fraga, e o goberno do Sr.Fraga quen a puxo a andar; medida irracional según vostede; para nós, foi a única racional de todas cantas tomou, menos mal que houbo algunha; a vostede aínda se lle está por ver, que haxa algunha racional.

Apela vostede tamén a que é preciso que sexa así porque senón os traballadores das Artes Gráficas van a quedar sen traballo; home, e se empeza a morrer xente, os que fan ataúdes empezan a eliminar o paro, non por iso vamos a andar a matarnos os uns os outros, haberá que buscar outras alternativas, digo eu; esa é unha solución que plantexa vostede de escasas miras. Eu acordome, os que estamos na pirámide da idade, a partir dun punto, nos acordamos, da enciclopedia Alvarez, e que valeu para moitos anos: ata case que morreu o dictador; non se podía ensinar máis porque era o que interesaba, a verdade era esa; entre outras cousas que nos ensinaban estaba o "Cara al sol", ¿se acorda vostede?.

E importante progresar, pero tamén é importante que a educación nas familias non sexa un gravámen tan importante como foi ata fai ben pouco, e como vai ser a partir de agora, para os que temos fillos e fillas en idade escolar. Sobre que se cambiaran os libros cada ano, eu entendín sempre que os mestres eran os responsables de cambiar os libros de texto de curso a curso; o recuerdo perfectamente porque as miñas fillas, estaban cada unha nun curso, e que o profesor "Fulanito de tal" esixía unha editorial concreta, e iso pasoume a mín tamén nos últimos anos da miña época escolar. Polo tanto, eu non sei cales eran os intereses dos mestres, pero tiñan a súa parte de responsabilidade.

Creo que cando o Goberno do Sr.Feijoo dí que a intención deles é que os ricos non estean subvencionados a todo o mundo nos extrana, debido á liña política do PP, pero é unha decisión que aplaudimos practicamente todo o mundo; claro, o que pasa é que o Sr.Feijoo considera ricos á xente que gaña para vivir. Eu teño aquí unha taboa que dí: "Familia monoparental cun fillo e ingresos de 1.300 euros mensuais", quero dicir: hai moitas familias nestas condicións, moitas, e resulta que non ten dereito a ningún tipo de axuda, con 1.300 euros ó mes non se ten ningún tipo de dereito. "Familia monoparental cun fillo e 1,5 veces o salario mínimo interprofesional. Ingresos anuais: 11.072 euros", só ten dereito ó 50%; destas familias tamén hai unhas poucas. "Familia mileurista, cun fillo", non ten dereito a ningún tipo de axuda; "Familia por debaixo do umbral de pobreza", só terían dereito ó 50% da axuda; "Familias con salario medio, 1.496,02 euros ó mes", non tería ningún tipo de axuda; e así ata a inmensa maioría dos galegos. Cando o Sr.Rodal falaba de que soamente o 35% da poboación non vai recibir axudas supómos que o PP considera que o 35% da poboación galega son ricos; Sr.Rodal, non sei de onde sacou vostede as contas, pero pode tomar vostede unha mostra de aquí, do salón de Plenos, e conte os que gañan máis de 3.000 euros, e conte os que gañan menos de 3.000 euros, e empezamos a facer contas. Para vostedes, gañar 1.300 ou 1.400 euros, é unha cuestión de que se vive como marqueses auténticos; pois xa llo explicara vostede ó seu electorado.

Nesta semana, nos debates que teño escoitado na prensa e pola rúa, cheguei a oír auténticas barbaridades de membros do PP como dicir de que ó ser propietarios dos libros poderíase facer unha biblioteca nas casas; menuda barbaridade; ou tamén que os alumnos que estiveran en 5º poderían consultar os libros de 2º; miren, eu teño 50 anos, ós 18 deixei de estudar e aínda non fun consultar os libros de texto en todo este tempo; pero como me pasa a mín pasaralle a todo o mundo; non me fixo falla consultar eses libros. Polo tanto, me parecen absurdos eses plantexamentos que se fan.

Se queren vostedes falar de austeridade, Sr.Rodal, dígalle ós seus compañeiros de Santiago que deixen de subvencionar colexios privados, que ós colexios privados sí que van os fillos de ricos. Están vostedes nunha situación difícil; Sr.Alcalde, está nunha situación difícil simplemente porque ata fai 3 meses estaba vostede nunha estratexia de victimismo político e agora iso xa non lle vale, agora non pode explotálo: o victimismo se lle acabou; tódolos males que existían neste Concello, todos, eran problema da Xunta de Galiza; tódolos males que había no Colexio de Fontes eran da Xunta de Galiza, ¿e agora de quen é?: agora acabaronse os argumentos. Polo tanto, Sr.Alcalde, creo que deben vostedes cambiar o xeito de facer política, debe vostede facer



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

máis xestión na Xunta de Galiza, e debe de facer menos xestión "partidaria", xa que, polo que estamos vindo nestes últimos 3 meses, está vostede tomando decisións partidistas en contra dos veciños e veciñas de Baiona, por defender o seu partido que está no Goberno da Xunta de Galiza, nin máis nin menos.

Sr.Vilar, decía vostede ó final que non decía "non polo non" a esta Moción; non, vostede dí "non" a esta Moción porque lle vai no soldo, nin máis nin menos, lle vai no soldo, ten que levantar a mán co goberno porque senón vostede deixa de ser goberno; polo tanto, non xustifique esa actuación porque como lle decía ó Alcalde agora: teñen que cambiar de estratexia, o victimismo xa se lle acabou, non poden ir de vítimas agora, a non ser que queren botarlle a culpa ó Goberno central, que tamén poidera ser, é o que lles queda: Diputación nas máns do PP, Concello de Baiona nas máns do PP, Xunta de Galiza en máns do PP; non teñen vostedes xustificación nin escape de ningún tipo.

Polo tanto, a lectura que se fai neste momento non apoiando vostedes esta moción é a de que o Goberno da Xunta de Galiza retira as axudas ós veciños e veciñas para a compra de libros e o goberno de Baiona o apoia.

SR.ALCALDE.- A verdade é que vostede ten máis sorte que nós: como ten cinco grupos dentro do Bloque é máis fácil poder tomar decisións.

SR.RODAL, PP.- Creo haberle entendido al Sr.Lores que este curso ya no tendría más gasto en 4 años; la reposición de los libros de 1º y 2º de Primaria, y Educación Especial, son todos los años; la compra, non hay préstamo.

Al Sr.Fernández, le voy a dar unos datos a ver si le valen: cuando antes hablaba de aproximadamente el 25% de la población que tiene rentas, digamos más bajas, pongo el ejemplo de una familia de 4 miembros con unos ingresos de 21.600 euros brutos, percibiría la bolsa de 180 euros; en el caso de una familia de 4 miembros con ingresos máximos de entre 5.400 euros y 9.000 euros, por miembro familiar, o sea: 36.000 euros, y aún así percibiría (si está debajo de los 36.000 euros) una bolsa de unos 100 euros aproximadamente por cada hijo; y fíjese que estamos hablando de 36.000 euros, creo recordar que son 6 millones de las antiguas pesetas; por eso le digo que no sé de donde ha sacado usted esos datos. ¿Qué el Sr.Feijoo financia los colegios privados?, pues no lo sé; pero lo que sí se es que muchos delegados, y ya no digo conselleiros, del Gobierno anterior, sí llevaban a sus hijos a colegios privados e inclusive a colegios en los que no se hablaba el gallego; o sea, que se predicaba mucho que había que hablar gallego y después llevaban a sus hijos a colegios donde se hablaba castellano.

Para finalizar decirle que no se preocupe, en el tema que comentó Manolo Vilar de la normativa, los textos de los libros seguirán teniendo la lengua normativa; digo que no se preocupe porque la mayoría de los textos, como hasta ahora, seguirán siendo en gallego. Muchas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Efectivamente Sr.Rodal, o 1º ciclo de Educación Infantil, como é material funxible, había que repólo tódolos anos, pero os outros ciclos se repoñen cada 4 anos e polo tanto había un sistema distinto.

En canto ó Sr.Vilar teño que recoñecer que escoito con moitísima atención as suas intervencións porque realmente son interesantes, polo seu traballo, tanto como docente como pola experiencia que leva no Concello, dános sempre algún dato importante; digo sinceramente que me resultan interesantes. A sua intervención foi moi clarificadora, o problema é que ten a necesidade do voto contrario ó que está decindo, pero ese é un problema distinto; cando vostede pón de manifesto (que tamén é certo) o interés dos grupos editoriais, indudablemente; cunha intervención, como se estaba facendo dende o goberno bipartito, as editorias non tiñan os beneficios que van a ter agora, que se van a repór os libros tódolos anos, vanse comprar libros tódolos anos, polo tanto estamos cambiando os intereses dun xeito a outro. O antiguo Gobierno bipartito tiña como interés fundamental a universalidade dos libros de texto e impedir que houbera diferencias por problemas sociais ou económicos no eido da Educación, como tamén se está facendo na Sanidade: a Sanidade é universal, porque entendemos que é un dereito, que é unha necesidade;



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

e a Educación tamén. Temos que partir de ahí; tódolos gobernos teñen a obriga de que os dereitos universais cheguen a tódolos cidadáns; non por cobrar máis ou menos temos que pagar un quirófano; ese é un dereito que temos, porque é un dereito constitucional. De ahí que empecemos a ter algún tipo de problema, e os intereses deste goberno parece, según explicaba o Sr.Vilar, parece que teñen máis un interés empresarial de darlle máis beneficios ás editoriais, que un interés de universalizar a cultura e a educación; é outro interés; por iso decía que ista é unha clara diferenza dos dous xeitos de gobernar neste país; cando está o goberno bipartito tiña uns intereses claros, cando está o PP hai outros; gañaron as eleccións e teñen o dereito de marcar, aínda que eu nunca estou dacordo nesas enquisas porque a primeira enquisa é fundamental: son as eleccións, e a partir de ahí ún ten que gobernar dacordo cos seus criterios; polo tanto facer enquisas "trampa" como as enquisas do galego non teñen ningún sentido, simplemente son datos demagóxicos que non teñen ningún tipo de validez, esas enquisas non están validadas; concretamente, á do galego, non ten ningún sentido que haxa un pai que teña 4 votos, un voto por cada fillo; é absurdo; está todo artellado para ter unha xustificación política, pero a única xustificación política que ten que ter nestes intres o PP é que gañou unhas eleccións e que ten que gobernar, e punto; non fagamos outro tipo de argumentos que enturbien esta realidade.

E no caso dos libros de texto, pois o mesmo; a idea que ten este goberno é beneficiar outros intereses, bueno, pois adiante; agora, non veñan dicindo que hai austeridade porque non a hai, os datos son os datos; nin que pretenden ser máis progresistas porque van soamente a potenciar a aquelas familias que teñen menos recursos cando hai familias con moi poucos recursos que non van a ter opción á gratuidade total dos libros de texto; as cousas son as que son, por iso a exposición do Sr.Vilar gustoume, aínda que ó final seu voto sexa o que é, pero a sua exposición foi clara; e sobre o que falou das enciclopedias eu podo compartir que as veces non fai falta tanto gasto en libros porque aquelas enciclopedias de Alvarez, 1º grado, 2º e 3º, ou incluso o chamado "libro azul" eran libros importantes, eran útiles e válidos; e hoxe en día, cos medios que temos a nivel informático e unha aportación pequena, poderíamos chegar incluso á abolición dos libros de texto, que sería outro debate.

Por iso digo que pareceume moi clarificadora a sua intervención aínda que, dende meu punto de vista, pifiou na sua intención de voto.

SR.VILAR, CMÑ.- Me alegro que vostede me entendera cando puxen o exemplo das enciclopedias, independentemente de que o Sr.Fernández diga que son franquistas; o que quero decir é que unha enciclopedia demostra a veces a inutilidade de moitísimos libros de texto, que os chavales moitas veces levan en mochilas, sufrindo deformacións na espalda, en fin, que se pasou dun extremo a outro; poderíamos facer un debate por se houbera que reducir os textos, o que non quere decir que os rapaces cando saen dun colexio saen máis formados con menos libros de texto; neso estamos dacordo tódolos que somos profesionais do ensino.

Eu quixera facerlle un comentario ó meu querido contertulio Sr.Fernández: a iniciativa que tomara o Goberno de D.Manuel Fraga con relación ós libros de texto, foi positiva, se fixo nunha época na que se estaba disparatando o tema das editoriais e se marcou ese tema; que logo houbo outros Gobernos que o reconduciron, o meu xuízo, mal, e por iso agora vai onde vai.

Con relación ó tema das "bibliotecas", mire vostede, cando os libros son dun neno, son algo propio del, e forma parte da sua formación, entón lle entra o amor ós libros, e iso é positivo; e o amor a coleccionar libros, a gardálos, e así é como nacen as bibliotecas; e posiblemente cando chegue a unha idade madura non ten razón consultar un libro de 1º, 2º ou 3º, pero hai determinadas etapas da vida dun neno en que eses libros teñen un gran valor; eu teño libros que ao mellor non vou a consultar na miña vida pero non me gustaría perdélos. Polo tanto, o afán de conseguir unha biblioteca propia, en parte ven cando o neno ten a propiedade deses libros; iso é positivo.

Coincido con Lores no tema das editoriais; son un gran negocio, evidentemente; pero en torno ás editoriais hai un gran sector da poboación que vive de iso, da distribución do traballo das propias editoriais, está así montada a sociedade, e de feito ún dos Sindicatos, C.C.O.O., que abarcaba tódolos sectores da sociedade, o sector de Artes Gráficas era dos máis importantes que había,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

seguramente un Sindicato que ten ese alcance nacional nunca vai a protestar porque os libros de texto sexan gratuitos ou non, senón que mira máis o sector do traballo que poida xenerar a confección dos libros; estou tamén dacordo con vostede en que se ha desmadrado a cantidade de libros de texto, foxe a algo desproporcionado. Eu creo que ó longo, este Plan que vai a prestar agora a Xunta de Galicia, é mellor do que había, e vai a ser mellor, polo tanto demos un marxe para que isto se establezca. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Rodal, vostede deu unhas contas que non coinciden coas miñas, pero voulle a dar outro dato máis, por se clarifica algo, efectivamente hai xente que pode ter un salario de 36.000 euros, ou aproximado, e que cobre incluso a totalidade da subvención, e voulle explicar porque: se a familia estivera composta por 2 adultos de ingresos medios de 1.496 euros brutos ó mes, tería que ter 3 fillos para ter dereito ó 50% da axuda; e so no caso de que tivese 6 fillos (é decir, algún membro do OPUS DEI) tería o 100% da axuda; pero como comprenderá vostede, e seguramente comparte conmigo, ninguén estará disposto a ter 6 fillos para que a axuda da Xunta de Galiza sexa do 100% para poder comprar libros; polo tanto, nos vai a dar a razón ou no la vai a quitar, soamente unha cuestión de tempo; de tempo próximo: no mes de outubro. En outubro falaremos de cantos veciños e veciñas de Baiona (e falo de Baiona soamente) van a recibir axudas para os libros, e cantos non a van a recibir; cantos van a recibir a totalidade ou outro porcentaxe distinto; despois vamos a ver cantos a recibían antes, e vamos a ver a diferenza; si é unha medida social ou non é unha medida social; esa é a cuestión.

Sr.Vilar, quixo vostede disculparse co seu amigo, o Sr.Fraga, e non foi capaz de facélo; ten que xustificar o seu voto pero tamén xustificou o que Fraga fixera fai 6 anos, que tomara esa postura; non o xustificou; en todo caso o que sí é certo é que recordo que na miña época había libros que se mercaban e que ó final do curso estaban completamente novos porque non se habían aberto, porque o mestre de turno simplemente daba apuntes e non quería saber do libro para nada; esa é unha práctica que ultimamente non se está dando ou se dá ben pouco.

Con respecto ó que dixó da biblioteca, non me diga iso vostede; ter unha biblioteca dese tipo sería un auténtico luxo para as persoas que ó final de mes teñen que medirse co salario que gañan; é decir, está moi ben ter bibliotecas nas casas, creo que todo o mundo o desexaría (algúns para decorar, incluso), pero é un auténtico luxo pagar as cantidades que se pagan por un libro de texto ó principio de curso, e vostede ten fillos e sabe o que é iso. Polo tanto, me parece unha medida totalmente antisocial, fora de lugar, medida que non levaba o Sr.Feijoo no seu programa electoral, ¿cómo ia levála?, iso restaríalle votos; é unha medida para nós política, que defende uns intereses concretos e que ten a súa visión política do que debe ser a sociedade e aplican esa política a unha acción de goberno, e terán que asumir as consecuencias desa decisión política, nin máis nin menos. Pero terá que asumilas o Goberno galego en Galiza, e o goberno local en Baiona, porque nós lle vamos a dicir a tódolos pais o que votaron vostedes aquí para que o teñan en conta no futuro. Eu pediría que cambiaran de postura e que apoiaran a Moción. Moitas grazas.

Sometido polo Sr.Alcalde a votación o presente punto, resultan: votos a favor, 7 (2, BNG, 5,PSOE), votos en contra 9 (8,PP, 1,CMÑ), polo cal non se aproba a Moción presentada.

Polo cal o Pleno, por maioría, ACORDA non aproba-la Moción presentada polo BNG.

(Neste intre, sendo as 13,24 horas, o Sr.Alcalde suspende a sesión, reiniciándose ás 13,25 horas)

7.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á CREACIÓN DUN REXISTRO MUNICIPAL DE ACOLLEMENTOS CIVILES.

O **SR.VALVERDE, BNG**, da conta da seguinte:



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG Ó PLENO DO CONCELLO DE BAIONA RELATIVA Á CREACIÓN DUN REXISTRO MUNICIPAL DE ACOLLEMENTOS CIVILES

O acollemento civil, o acto de benvida á Comunidade, é unha figura que recoñece como cidadás de pleno dereito ós nenos e nenas que están empadroados no Concello.

Trátase, en suma, dun acto laico e civil que ben pode substituír ó tradicional bautizo naqueles casos nos que as familias optan por non celebrar este acontecemento relixioso.

No Concello de Baiona existen familias que na actualidade demandan a creación deste tipo de Rexistros para poder, dalgún xeito, poder deixar constancia pública da chegada dun novo membro á súa unidade familiar.

Por isto é polo que SOLICITAMOS do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Creación dunha Comisión que se encargue da elaboración dun Regulamento para creación deste novo Rexistro municipal para así poder proceder á posta en marcha do Rexistro de Acollementos Civiles no Concello de Baiona.

CONTINUA.- O motivo desta Moción non é para crear un conflito entre católicos e non católicos, nin moito menos; senón simplemente recoller unha realidade xa que unha inmensa maioría dos cidadáns deste Concello son laicos, non están adscritos a ningunha relixión, e si queren facer algún acto no cal podan darlle a benvida o seu novo membro. Insisto en que non buscamos ningún tipo de enfrontamento senón un recoñecemento a esta xente que precisa, ou á que lle gustaría, ter algún tipo de acto oficial e posto que non pertencen a ningunha relixión e son persoas demócratas que viven neste Concello, e a institución máis cercana que teñen é o propio Concello, entendemos que pode ser de utilidade este Rexistro, que se ben é certo que non existe ningunha normativa que obrigue ós Concellos xa hai moitos no Estado Español que o están levando a cabo. Pedimos o voto favorable para esta Moción. Moitas grazas.

SR.RODAL, PP.- Me gustaría preguntarle al Sr.Valverde si me puede decir en cuantos Municipios de Galicia está instaurado este Acollemento Civil.

SR.VALVERDE, BNG.- En ningún; poderíamos ser pioneiros e levar a ventaxa en Galicia nese sentido.

SR.RODAL, PP.- No mezclamos las patatas con los huevos; una cosa es la religión y otra crear un acto, como dicen, "acto laico e civil que ben pode substituír ó tradicional bautizo"; esto no es un acto alternativo; hay algo que es un sacramento, la eucaristía, el bautizo, no se si todos los que estamos aquí estamos bautizados ó no, el que quiere opta por ahí, pero no creamos actos paralelos; hay un sacramento que es el bautismo que es la incorporación a la Iglesia, y después hay otros sacramentos como son la eucaristía, la confirmación, la comunión, el matrimonio, la reconciliación, la unción, extremaunción, ¿qué vamos a hacer?, ¿es que dentro de poco también tendremos que dar la eucaristía en el Ayuntamiento?, esto no tiene ningún sentido; que queramos salir en la prensa por ser el primer Municipio gallego, aunque que yo sepa somos el segundo, de hecho Begonte me parece que lo hizo en el año 2007, ya han pasado 2 años y ningún Municipio más lo hizo, no tiene sentido ni debate; hay un acto que es religioso, el matrimonio, era religioso, hasta hace 200 años, que también era civil, y ahora sí realmente es religioso y civil; pero otra cosa es el bautismo, y si una persona quiere bautizarse que lo haga, como está pasando con la confirmación y la comunión, antes todos hacíamos la comunión, ahora hay muchos niños que no la celebran, puede ser por conclusión de ellos ó de sus padres, pero no metamos actos alternativos. Si ustedes dicen que habría que hacer un Reglamento habría que



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

ver si se hace en el Ayuntamiento, que tendría que presidirlo el Alcalde ó Concejal en quien delegue, si tendría que tener un coste como las bodas civiles, etc.

Para finalizar simplemente decirle que el acto de Acollemento Civil, ó acto de bienvenida a la Comunidad, no está reconocido jurídicamente por la legislación y carece de efectos jurídicos, por lo que el Concello de Baiona no tiene la obligación de un Rexistro de Acollementos Cívís, ni atribuida la competencia del mismo.

SR.LORES, PSOE.- Para o grupo socialista este tipo de actos non é unha necesidade básica para os veciños e veciñas de Baiona pero tampouco hai nada polo que teñamos que negarnos a que así poida ser; se hai veciños que teñan esa idea de facer un recoñecemento civil e laico a todos aqueles nenos e nenas que veñan ó término municipal pois parécenos que non é unha necesidade básica, pero que tampouco está de máis. Non temos nada en contra pero tampouco temos nada para defendéla; se hai veciños que poden ter esa idea e podemos darlle cobertura, pois démoslle cobertura.

SR.VILAR, CMÑ.- Non teño nada en contra desta moción; evidentemente as veces a sociedade está necesitada de actos e qué dúbida cabe que cando un neno ven ó mundo é unha festa; tradicionalmente se celebraba co bautizo, que tiña unha parte relixiosa e outra festiva, ao mellor xa copiado incluso de relixións anteriores ó cristianismo. Agora se plantexa esta moción, pero creemos que onde habería que plantexalo sería no Parlamento de Galicia e crear unha Lei que abraza esta posibilidade nos Concellos. Non estou en absoluto en contra desta moción pero entendo que non é momento de ser pioneiros de algo que nunca se plantexou a nivel doutras instancias. E lóxico que cando un ser ven ó mundo os pais intenten presentálo en sociedade, facer unha festa, iso forma parte da natureza humana e como tal é o positivo que ten esta moción, pero ¿cómo se artella iso sen que exista unha normativa a nivel xeral?, non sei si existirá noutros países ou nalgunha outra Comunidade, porque as veces nos creemos que estamos inventando algo onde non cabe; de tódolos xeitos son respetuoso co tema pero me gustaría que esta moción víra moito máis completa, con antecedentes.

SR.VALVERDE, BNG.- Lamento que o Sr.Rodal a houbese tomado por onde non quería que se houbera tomado, de feito o dixen ó principio cando expliquei a intención da moción: en ningún momento se quere ir en contra de ningunha relixión, e menos da católica; todos coñecemos moita xente practicante e devota, eu lles teño o máximo respecto e admiración, incluso; eu teño a desgracia de non pertencer á profesión católica, tamén son dos primeiros pola aposta así e me borrei do rexistro do bautismo, pero respecto profundamente a toda a xente que sí o é, que practica, que non practica, etc., cada ún é libre de pensar como queira; o que sí é unha realidade é que existen veciños e veciñas neste Concello que se poden atopar en situacións parecidas á que me podo atopar eu, que non temos ningunha relixión adscrita e que sí nos gustaría nalgún momento facer un acto de benvinda dos nosos fillos; un acto oficial, que quedara rexistrado nalgún lugar. Como dixen antes, ó non pertencer a ningunha relixión, non podemos acudir a ningún tipo de templo ou que sexa, pero somos persoas que vivimos neste Concello e que temos unha Administración próxima que é o Concello, que é a nosa Administración máis cercana, e que entendemos que se debía de facer como se está facendo noutros lugares, sen ningún tipo de acritude contra ningunha das relixións, insisto; nin quero entrar nese debate; o bautismo é un sacramento, efectivamente, respetable para quen o fai e para quen así o decide; o matrimonio pode ser un sacramento ou non, porque de feito é un acto civil xa que incluso os que son católicos se poden acoller a él.

Cada vez máis veciños e veciñas están demandando o que nós pedimos na Moción; sen ir máis lonxe, onte unha parella se dirixiu a mín ó respecto de que sabían que levabamos esta moción, para que lle celebráramos un acto, sen ser oficial, na Virxe da Roca, para darlle a benvinda social á súa recién nacida que ten agora 3 meses, lóxicamente eu voume a brindar a facer ese acto como no seu día se brindou a compañeira Ana a facer outro acto similar en Outeiro dos Lameiros cos meus fillos; lóxicamente vou a participar, e ademáis ilusionadamente, nese acto. A magoa é que non exista no Concello a posibilidade de facer un acto oficial.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Respecto ó Sr.Vilar, agradoume moito a súa intervención, incluso lle quero facer a proposta de cambiar o sentido do acordo e en vez de "crear unha Comisión" o que fagamos sexa "instar á Xunta de Galicia a que estudien este tema"; se vostede está disposto a apoiálo eu non teño ningún problema en cambiar o acordo; non se trata de buscar confrontacións senón de dar unha resposta ós veciños e veciñas de Baiona, insisto.

SR.RODAL, PP.- Sr.Valverde, no es una pena ni una lástima que usted no esté dentro de ninguna religión; no esté descontento, sus motivos tendrá. No es cuestión de inventar religiones; se trata de sentirse bien; que se entierre a una persona y que las cenizas estén en su terreno, ó estén en la ría de Baiona, es sentimiento; si usted quiere que a sus hijos, ó que el entorno, les reconozcan, hay muchísimas maneras: hay algo que es la religión que está instaurada, si quieren aceptan eso; y sino, hay 20.000 formas, sobre todo en este paraje que es el entorno de Baiona, de darle gracias a la vida, ni más ni menos; y reconocimiento entre la Comunidad, no tiene que ser por un acto civil ó institucional en el Concello; puede ser en la playa, en cualquier otro entorno, como si quiere en los petroglifos, por eso le digo que no sienta mal usted por no estar dentro de ninguna religión, no pasa nada. Hoy en día hay gente que no hace la confirmación, ó que no quiere recibir la comunión, ellos verán, están en su derecho; hay derechos que si uno quiere los acepta, y sino, no; nada más.

Por eso lo que dicen en la Moción de que "es un acto laico y civil que bien puede sustituir al tradicional bautizo", no es cuestión de sustituir ó no sustituir; otra cosa es que se quiera crear algo alternativo, paralelo, pero es otro tema.

SR.LORES, PSOE.- Non temos moito máis que decir, vamos a apoiar esta moción porque entendemos que independentemente das relixións, como decía o Sr.Vilar, tódalas culturas teñen os seus ritos de integración na medida en que vai avanzando a vida; hai distintas fases do desenrolo que a sociedade vai marcando con distintos ritos e distintas festas; a nosa cultura relixiosa é a que marca estas distintas fases, pero hai xente que é allea a esta cultura e piden que se faga de xeito máis civil nas Administracións; xa dixemos que non temos nada en contra desta moción e imola aprobar..

SR.VILAR, CMÑ.- Con relación á proposta que fixo Roberto, decirlle que se quere vostede pode retirála agora e levála a unha próxima Comisión Informativa e falamos con máis calma. Penso que como Concello temos que ir con prudencia nestes temas, e quizás podería ter repercusións negativas aprobálo hoxe aquí; a cuestión é como artellar este asunto, que pode ser interesante pero penso que quizá noutras instancias; de tódolos xeitos repito que non teño inconvincente en falar nunha próxima Comisión Informativa si se retira hoxe a Moción.

SR.ALCALDE.- Me gustaría facer unha serie de reflexións, porque parece que as veces tomamos acordos alegremente e penso que temos que ter moito coidado cos acordos que adoptamos. O Sr.Lores, na súa exposición, dunha forma bastante alegre dixo "ben, se hai xente que o quere, se fai e non pasa nada", pero hai que ter algo claro: unha vez que se aproba unha Ordenanza, hai que cumprila; e algo que non ten ningunha cobertura, que non está establecido, ¿qué finalidade ten?, pois crear unha nova relixión. No tema dos recién nacidos os Concellos non teñen ningunha, pero ningunha, competencia; a única competencia que hai legal é o Rexistro Civil, que non depende do Concello; despois cada pai fai o que quere co seu fillo, hai quen o bautiza, hai que non; e hai outra xente, como explicaba antes Angel, que sí teñen outras formas de recibir ós recién nacidos, tantas como relixións. O que se fala aquí neste momento é de crear unha nova relixión, que aquí fagamos algo que non ten ningunha cobertura legal, ningunha. O matrimonio sí ten unha cobertura legal, e é un servizo que ten que dar o Concello, e o dá. Mire, sinceramente eu non dudo da boa vontade da iniciativa, pero creo que hai un problema serio, de verdade llo digo, que xa fai moitos anos que se fala do casos das ideoloxías, e o problema é que temos neste momento unha sociedade que non quer o pasado e pretende crear algo novo e distinto, e me parece moi ben, pero queremos atacar, ou que non se siga, cunha relixión, e pretendemos crear outra. A sociedade civil ten que marcar o que é de funcionamento; o demáis,



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

estamos dacordo en que hai que tratar de desligálo, e quen quer bautizar ó seu fillo que o faga, e o que non quer, que non o bautice. Cada ún pode facer o que queira; en Estados Unidos hai tantas relixións case como rúas; está ben; pero neste momento do que estamos falando é de crear unha nova relixión, e despois en vez de Primeira Comunión pois faremos outra cousa; en vez de confirmación, outra cousa; ¿qué estamos decindo?: “non queremos a relixión católica pero queremos outra relixión”; son ámbitos totalmente distintos. Nos anos 60, 70, era progresista o amor libre, era unha frase; pero é que o Concello non pode estar en iso, en modas, nin filosofías; o Concello ten que dar servizos os cidadás, pero servizos que non teñan que incorporar ou relixións que xa había ou relixións que veñan no futuro; son mundos diferentes. Non se pode dicir alegremente “vamos a facer un acto no Concello”, hai que establecélo, e ten que ter un fin: un fin de utilidade os cidadás. Hai sitios nos que aínda se celebra a posta de largo das rapazas, hai unha parte da sociedade que o demanda, é un tema que está moi ben, pero que ese tema o chegara a asumir o Concello me parece que non ten ningún sentido; son cousas moi diferentes. Por iso non entendo esta situación, e realmente creo que non é intención do Sr.Valverde sacar adiante este tema para ser o primeiro Concello de Galicia que o fai e así saímos nos periódicos; sinceramente eu non encontro un obxectivo para esta Moción.

SR.VALVERDE, BNG.- Para nada comparto as súas palabras, non se trata de crear unha nova relixión senón de dar resposta a unha realidade social existente no noso Concello.

Sr.Rodal, de feito estes actos se veñen facendo, tanto de benvinda como de despedida dos seres queridos, en moitos lugares; cada ún é libre de facélo onde queira e da maneira que así o desexe, e é respectable, entendo, por todo o mundo. Simplemente existe unha demanda real no Concello de Baiona de parellas con nenos recién nacidos que están solicitando este tipo de actos, así mo fixeron chegar e así o trasladamos a este Pleno que é onde temos que trasladar as peticións dos veciños. Tampouco é algo novo xa que isto ven dunha tradición iniciada na Revolución Francesa, é dicir, non é que queramos crear nada novo agora mesmo, nin que queramos sair nos medios, nin moito menos; o que se quer, insisto, é dar resposta a unha demanda existente. Hai xente que está optando por este tipo de alternativas e se queremos podemos dotálos dun rexistro oficial onde poder facélo. E o sentido do acordo non é para nada no sentido alegre de dicir “facémolo e xa está”, senón que ía na creación dunha Comisión que se encargase do estudo, elaboración e detalle de todo isto.

De tódolos xeitos eu non teño ningún inconvinte en deixálo enriba da Mesa, Sr.Vilar; todo o contrario, retiro a moción porque sí quero que haxa un debate profundo sobre a mesma para que ó final poidamos volver a traéla a este Pleno con garantías de que se poida aprobar. Grazas.

Se procede polo Sr.Alcalde a votación para que a presente Moción quede sobre a Mesa, resultando aprobado por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA deixar sobre a Mesa a Moción presentada polo BNG.

8.-MOCIONS.

SR.ALCALDE.- Tiñamos unha moción do BNG que xa comentamos levar a nivel de informe da Policía Local, que poderíamos tratar como ROGOS E PREGUNTAS; é un tema interesante sobre a rúa Nova, pero dado que temos os plans de tráfico, vamos a tratar de axilizar o tema.

MOCIÓN DE URXENCIA DO P.S.O.E.

SR.LORES, PSOE.- Esta moción non a presentamos antes posto que é unha demanda que nos fixeron os veciños de Baredo, por iso ven con carácter urxente.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

MOCION

Na Parroquia de Baredo se están a proceder a anchar as estradas que representa a vía de comunicación principal para os seus veciños, tanto no que se refire ó tráfico rodado como ó peonil.

Que a mencionada estrada presenta un alto grado de perigo a raíz das conducións imprudentes e exceso de velocidade, perigo que pode verse acrecentado coas melloras que se van a levar a cabo na vía.

Por todo o anterior, o Partido Socialista presenta para seu debate e aprobación polo Pleno, a seguinte MOCION:

- Que se constrúan beirarrúas ó longo da estrada, polo menos nun dos seus lados, e a súa vez se habiliten sistemas que impidan ós condutores saltarse os límites de velocidade.

Todo iso co fin de conseguir unha maior seguridade na vía.

- Que se axilicen e rematen coa máxima celeridade as obras de mellora da estrada de Baredo.

CONTINUA.- Repito que esta moción non a presentamos antes por ser unha demanda dos propios veciños xa que están agora coas obras, esa é a xustificación da Urgencia; piden que se poida modificar o proxecto e se inclúan beirarrúas naqueles tramos onde se poida, por un lado ou polo outro. A urxencia ven dada para que se poidan adaptar mentres están en execución as obras.

SR.ALCALDE.- Diría ó Partido Socialista que realmente non hai urxencia porque isto leva meses; é unha obra importante que se está facendo por parte da Deputación. Lle pediría que a presentaran como ROGO ou como queiran, pero non entendo a Urgencia; e tampouco a entendo como Moción, poderíamos facer moitísimas deste tipo posto que en tódalas parroquias hai temas necesarios. Se queredes votamos a Urgencia aínda que penso que debería reconvertirse nun ROGO.

SR.LORES, PSOE.- Se fará como un ROGO.

SR.ALCALDE.- Perfecto; será tramitado á Deputación como ROGO, a ver o que se pode facer neste momento; a axilización é real, está pendente de UNION FENOSA para que retire os postos que queda e remataría co asfaltado. En canto ás beirarrúas, o problema é como pasou en Bahiña, as veces se fan beirarrúas nos dous lados e dase unha situación complicada; habería que facélo con tranquilidade, a ver onde son necesarias, e onde é necesario o aparcamento.

MOCION DE URXENCIA DO BNG.

SR.FERNANDEZ.-

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO O PLENO DO CONCELLO DE BAIONA

Durante os últimos anos, e máis nos últimos meses, proliferan as mocións de censura o longo de todo país, na inmensa maioría dos casos por non dicir en todos, os intereses partidistas e persoais imperan sobre os intereses dos veciños e veciñas.

Así sucedeu en Baiona fai máis de catro anos e tamén no Concello de Mos fai uns meses, semella que o Partido Popular válelle calquera formula e calquera medio, para manterse no poder aínda que teña que asinar mocións de censura con



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

tránsfugas a pesares de haber asinado un acordo a nivel nacional ou incluso con persoas condenados recentemente e con outras causas pendentes nos xulgados.

Éste e o caso do Concello veciño de Gondomar onde o próximo día 7 celebrárase un pleno para arrebatarse a alcaldía a un alcalde lexítimo, elixido democraticamente por a maioría dos concelleiros dos cales a día de hoxe algúns de eles queren votalo da alcaldía sen dubida por algún interese inconfesable neste caso participando os concelleiros presentados na lista do PSOE, conxuntamente con os concelleiros de Move e PP, moitos deles condenados por escuras maniobras urbanísticas e con causas pendentes a punto de saír.

E sen dubida unha moción de censura salpicada pola corrupción, polo escurantismo e baixo a sospeita do fraude.

Por isto, é polo que solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

A C O R D O:

1.- Condenar de xeito rotundo este tipo de prácticas, veñan de quen veñan, e solicitamos a depuración de responsabilidades tanto dos promotores como dos que consintan a moción de censura.

2.- Rexeitar categoricamente a moción de Censura presentada no Concello de Gondomar e instando a todas as partes implicadas e os asinantes da mesma a súa retirada inmediata.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A Moción ten a súa Urgencia xustificada xa que antes do día 7 non vamos a ter outro Pleno Ordinario, polo tanto non teríamos posibilidades de manifestar a nosa vontade.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Urgencia, resultando: votos a favor, 7 (2, BNG, 5,PSOE), producíndose 9 abstencións (8,PP, 1,CMÑ), polo cal non se acada a maioría absoluta necesaria rexeitándose a Urgencia da moción.

EXPLICACION DE VOTO.

SR.ALCALDE.- Vamos a explicar porque non apoiamos a Urgencia; non o facemos porque coa Lei Electoral, coa cal estou en desacordo en bastantes puntos, ún sobre todo, que podería ser a reforma para que incluíra a segunda volta e así ó Alcalde o nomearían os veciños, o BNG ten un problema: colle a Lei Electoral ata o apartado que lle gusta e cando non lle gusta outro apartado dí que é un tema urbanístico, etc. Pero recordolle que unha moción de Censura (por iso digo que non é Urxente ésta) moi coñecida foi cando derrotaron ó que era o Presidente da Xunta naquel momento, en que aínda non era o PP, era Alianza Popular, e se constituíu un tripartito, con tránsfugas do PSOE, Esquerda Galega, e demáis. Por tanto, as mocións de censura teñen moita historia pero están na Lei, nos guste ou non; entón no acabo de entender que para o BNG unha parte da Lei esté ben e outra non: resulta que cando as fan os partidos da esquerda está ben, e cando a fan os de dereitas non.

A día de hoxe, que eu sepa, os concelleiros que apoian a Moción son os do PP, os do PSOE, e un grupo independente de Gondomar; tránsfugas, a día de hoxe, non hai ningún; son os que foron votados polos cidadáns de Gondomar. Non entendo onde están os tránsfugas.

E certo que neste momento, con tódolos respetos á figura do actual Alcalde, do que teño unha opinión persoal moi boa, Antonio Arauxo, está gobernando en franca minoría e non consegue o apoio de nadie dende o día da investidura, esa foi a única votación que gañou;



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

polo tanto, si é legal, é legal, e senón é legal, non é legal. Por isto a explicación de voto á non consideración da Urxencia, porque entendemos que as mocións de censura existen na Lei e os primeiros que as fixeron foron os partidos da esquerda no tripartito da Xunta de Galicia.

EXPLICACION DE VOTO.

SR.VILAR, CMÑ.- As mocións de censura son necesarias, convintes, e algo que está na Lei, e llo dín unha persoa como eu, que padecín unha moción de censura na primeira etapa da lexislatura cando estaba gobernando con 6 concelleiros e firmaron unha moción de censura VIB, un concellal do PSOE (que aínda que era ún daquela tamén era un grupo, o Sr.Portolés), e o CDS, que era Amelia Sarmiento; eran 9 e no seu lexítimo dereito firmaron unha Moción de Censura; e posiblemente o estabamos facendo mal, non eramos capaces de aprobar os presupostos, non existía daquela esa moción de confianza ligada á aprobación dos presupostos, iso foi posterior.

E o outro día falando con Arauxo, Alcalde de Gondomar, por quen sinto un profundo aprecio, e é o Presidente da nosa Mancomunidade do Val Miñor, lle decía "Arauxo, tranquilo; as mocións non son como empezan, son como rematan"; agora hai un proceso, o que non quer decir que esta moción de censura remate favorablemente, pode ser ou non. Eu recordo cando ma fixeron a mín, empezara, pero non rematou favorablemente na súa consecución final.

Creo que temos unha Lei Electoral bastante sabia nese sentido, unhas veces o xogo é favorable, outras é contrario, pero é xogo político. Xose Enrique, quero decirche que o Alcalde de Porriño, que é do BNG, tiña un problema cos presupostos, presentou unha moción de confianza, non se puxo dacordo a oposición e quedou blindado, se lle apoian os presupostos e vai adiante o tema.

O tema de Gondomar ten a problemática que ten; lóxicamente eu son dunha opinión: as maiorías son para estar no goberno, non para estar na oposición; e sei que todo iso está ligado a un acordo contra o transfuguismo e tal, que iso non está amparado pola Lei; é un acordo pero non ten soporte legal; aquí cada concelleiro é libre, ten unha plaza ligada ó seu propio cargo, polo tanto é unha situación complicada pero é unha situación de xogo político.

Repito que fago este análise sen entrar en consideracións éticas de que se a Moción en Gondomar é boa ou é mala, polo respecto que teño ó propio Concello de Gondomar non quero entrar nese debate, e tamén por respecto ó Alcalde que ó fin e ó cabo é o Presidente da Mancomunidade.

Este xogo político da moción de censura hai que tomálo con deportividade; é o que é a política local; non se debe chegar nunca ás máns por unha moción de censura, e o que sí teño moi claro é que as maiorías son para asumir responsabilidades de goberno e non para estar na oposición porque non aprobas nin presupostos nin creas ningunha expectativa de sacar adiante as cousas; creas unha situación de victimismo que ó mellor tampouco é real porque eu tamén podo pensar "son Alcalde, non me aprobades nada, pois que se sente outro aquí e que governe; xa farei miña labor dende a oposición". Polo tanto, con tódolos respetos á moción que presentas, non debería de encaixar en calquer Concello; éste é un problema de Gondomar, que se "safe" Gondomar; cando cheguen as eleccións municipais os votantes xa porán a cada ún no seu sitio. Esta Moción non ten cabida en Baiona porque é como se dixeras "quero unha Lei que me favorezca a mín", non é así: unhas veces te favorece e outras te perxudica. Comprendo unha cousa, a situación do BNG, a nivel municipal, é unha situación que o limita bastante; estes acordos pechados BNG-PSOE, a nivel galego, limitan a actuación de ámbolos dous partidos no que é a autonomía municipal; e moitas veces se podería chegar a un acordo BNG-PP, ou PSOE-PP, ao mellor falo contrario ós meus intereses políticos, pero creo que ó mellor o mal está ahí; creo que non procede esta Moción; deixa que os de Gondomar se "safen", non te preocupes.

SR.FERNANDEZ.- Non é unha cuestión ilexítima, a moción de censura está contemplada na Lei; en todo caso, o que sí é é cuestión de hixiene política, aínda que sexa o Concello de ó



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

lado. Eu quero recordarlle ó Alcalde que hai un compromiso entre tódolos grandes partidos de non asinar nin sacar adiante mocións de censuras con tránsfugas. Os tránsfugas son no momento en que levanten a mán, é unha cuestión difícil de entender, é un galimatías que montou ahí o PSOE para saír o máis limpo da historia, pero a Moción está asinada, asinada por 4 concelleiros que son do PSOE; se o PSOE dí que no momento de que levanten a mán quedan expulsados, se convirten en tránsfugas.

En principio, se son independentes, son tránsfugas; me refiro a que no momento que deixan de ser vinculados a un partido pasan a ser tránsfugas. Por outro lado, estamos falando dunhas persoas, concelleiros que están firmando, que están condenados por delitos urbanísticos; e que teñen máis causas pendentes; as pendentes, en principio, contan coa presunción de inocencia; pero ás que están condenadas, están condenadas. Por iso dixen antes que é cuestión de hixiene política; ¿qué entra dentro do xogo político?, por suposto; a política é así e temos que estar suxetos a esas regras; o que pasa é que cando asinamos unhas normas do xogo e despois non as respetamos porque nos vale todo entón é mellor non firmar nada e cada ún que tire polo seu lado.

SR.ALCALDE.- Xose Enrique, o pacto de transfuguismo, o que quere é que os concelleiros non pensen, que decidan os partidos o que hai que facer en cada caso; entón, senón votas o que te dí o partido, eres tránsfuga; ou sexa, que os concelleiros de forma individual non teñen ningún criterio; algo pasará en Gondomar para que tódolos concelleiros do PSOE decidan facélo; os que teñen agora mesmo o apoio dos cidadás son eses que agora están de concelleiros; non son os que están no partido, o partido que agora está en Gondomar votáronlle 60 ou 70, e ós outros votáronlles dous mil e pico persoas; ¿quen é o representante, en principio, democráticamente?: os concelleiros que están en Gondomar.

Dígolle outra cousa: o equipo de goberno actual de Gondomar algo debeu facer mal; non vai ser so culpa da oposición; algo debeu facer mal o grupo de goberno, por iso dí Manolo, con razón, que valorar o que pasa en Gondomar, eu non me atrevo. O tema legal está contemplado, ¿porqué se chega a iso?, non o sei; pero te digo unha cousa: algo ten que facer mal o goberno para chegar a esa situación cando conseguiron o apoio do grupo socialista para chegar á Alcaldía. E algo fariades mal tamén vós, e tamén nós; pero algo non funcionou; vós chegades á Alcaldía non sendo a lista máis votada, e logo perdiches o apoio: algo fixeches; hai que pensar que é o que se fixo mal.

Si se pacta un grupo político para chegar á Alcaldía sendo conscientes de que ós 2 meses o vas a cesar para quedar ben, pois está ben, pero está claro que é unha manobra política; ¿legal?, sí, pero manobra política.

SR.LORES, PSOE.- En principio, o máximo respecto á Corporación de Gondomar; nós, como Concello veciño, podemos falar de mocións de censura, pero neste caso concreto de Gondomar correspóndelle a eles decidir o que teñan que decidir, nos seus Plenos; entón, a interxerencia non é de hixiene democrática; simplemente son valoracións.

Nós votamos a favor da Urgencia desta Moción porque o noso partido, dalgún xeito, está implicado nesta problemática, e ademais hai certa confrontación entre os representantes no Concello e parte, ou toda, a dirección do partido; o noso máximo respecto ós uns e ós outros; dende o grupo municipal respetamos absolutamente a decisión dos concelleiros e tamén respetamos a decisión do partido en Gondomar. O único que lamentamos é que non houbese capacidade de chegar a acordos antes, porque entendemos que o mal de Gondomar non está no día de hoxe senón na incapacidade de chegar a acordos; ahí está a responsabilidade do grupo socialista, e tamén a do BNG, que creo que tiñan a obriga de chegar a acordos para gobernar un pobo.

A nosa valoración negativa non é xa sobre a moción de censura senón por esa falta de capacidade de achegar a acordos xa que en política o que máis debemos valorar é precisamente esa capacidade, e neste caso había un compromiso que despois non se consolidou, e que é responsabilidade de ambas partes. Repito: o máximo respecto ás dúas partes, pero condenamos, ou non estamos a favor, de que sempre teñan que ir os acordos pola contra; pensamos que



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

durante estes anos deberon achegar a acordos entre os grupos para evitar este tipo de solucións que son máis ben traumáticas e que ó final o certo é que os cidadás non acaban de entender cales son os intereses xerais e cales os partidarios, porque ó final confúndese todo nesta moción de censura, e como decían os demais portavoces xa é máis unha cuestión de partidos políticos e non de intereses xerais. Estes intereses xerais son os que se tiñan que haber defendido nos acordos. Esta é a explicación do noso voto, nós non negamos o debate pero lamentamos profundamente que se tivera que chegar a esta situación.

9.-ROGOS E PREGUNTAS.

- ROGOS DO PSOE.

SR.LORES

1º.- Presentamos como **ROGO**, tal e como dixemos anteriormente, a seguinte solicitude que antes viña como Moción:

- **Que se constrúan beirarrúas ó longo da estrada, polo menos nun dos seus lados, e a sua vez se habiliten sistemas que impidan ós conductores saltarse os límites de velocidade. Todo iso co fin de conseguir unha maior seguridade na vía.**

- **Que se axilicen e rematen coa máxima celeridade as obras de mellora da estrada de Baredo.**

2º.- O Plan de Obras Estatal; soamente reuniuse unha vez a Comisión de Seguimento e a partir daquel momento non houbo ningunha outra convocatoria; **ROGAMOS** se convoque esta Comisión para ver en que estado están as obras, como se van a rematar.

3º.- Agora non se trata dun **ROGO** senón de trasladar o malestar de varios veciños de Baiona, pola subida que se produxo no parking da Palma; entendemos que posiblemente está contemplada dentro dos Pregos, pero hai unha cousa que nos preocupa que é que teñan que ser precisamente os veciños de Baiona os que asuman este tipo de incrementos, este tipo de xestións. Os abonados do parking antes pagaban creo que 40 euros mensuais, houbo un incremento de 10 euros na primeira concesión, e agora se lle aplica un novo incremento nos meses estivais, xullo, agosto e setembro, co que ascende a 80 euros; co cal, en dous meses, pasaron a pagar de 40 a 80 euros, xustamente os veciños que durante todo o inverno están mantendo este parking. Entendemos que pode haber un abono específico de verán para aquelas persoas que veñen a pasar 2 ou 3 meses, ahí sí que pode haber un recargo nos abonos; pero todos aqueles que son veciños de Baiona, e comerciantes, que están sostendo o parking durante todo o ano, creemos que non deben ter ese agravio; polo tanto, rogamos a intervención do goberno municipal para que se poida rebaixar ou eliminar este canon.

ROGO DO BNG.

SR.VALVERDE.-

- Temos un **ROGO**, tamén sobre o parking da Palma, que é solicitar a intermediación do Sr.Alcalde diante da nova concesionaria para intentar mellorar as condicións para os abonados anuais da mesma.

PREGUNTAS DO BNG (do Pleno anterior) e RESPOSTAS GRUPO GOBERNO.

SR.VALVERDE, BNG.-



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

- **Recollida selectiva en parroquias, ¿en qué situación se atopa esta recollida que a día de hoxe non se está facendo?. O tema do papel non se está facendo.**

RESPOSTA do SR.VILAR, CMÑ.- Realmente a recollida de lixo sí se fai nas parroquias á do cartón se realiza 2 veces por semana, en recollida selectiva. En canto ó sistema de podas, se fai tódolos días rotando as diferentes parroquias, polo cal toca unha vez á semana, o mesmo que a recollida de trastos.

En canto á recollida do vidro, hai que depositálo onde están os contenedores para colocados para elo; aparte de isto, o punto limpo funciona de xeito permanente para todas aquelas persoas que se queiran trasladar ata alí. Polo tanto temos cuberto todo o que é a recollida selectiva en tódalas zonas; sabemos que en moitos casos é difícil e ahí estamos nós insistindo moito en que as empresas que xeneran moitos desperdicios, ben de cartón, ou doutro tipo, que os leven ó punto limpo directamente para non colapsar os contenedores; este é un dos maiores problemas que temos. Nós insistimos en que calquer empresa que xenere unha cantidade importante que vaia ó punto limpo.

SR.VALVERDE.- A raíz da resposta, temos un **ROGO** que facer:

- Que o Sr.Vilar revise realmente que a empresa está cumprindo isto porque a nós nos consta que non é así. Tamén decirlle que nos consta que as empresas, sobre todo as que están radicadas no centro de Baiona, sí están cumprindo bastante ben coa recollida selectiva e o están levando ó punto limpo, iso sí nos consta; pero nas parroquias vemos grandes deficiencias nesta recollida, que non están cumprindo nin os prazos nin os días, polo que **ROGAMOS** que tome medidas e revise este asunto.

SR.VALVERDE.-

-**¿En qué situación se atopa a parcela concedida a MARVIL para facer vivendas sociais?. ¿Qué pensa facer o goberno local ó respecto?.**

SR.ALCALDE.- Tivemos unha reunión co Director Xeral de Vivenda, estamos vendo as diferentes posibilidades; vamos a sacalas adiante e estamos vendo a mellor forma de facélo para todos: para os veciños e para o Concello.

PREGUNTAS DO PSOE. (ó Pleno de hoxe)

1º.- Tendo en conta que no incendio da rúa Alférez Barreiro as deficiencias que había nas bocas de auga dificultaron considerablemente as tarefas de extinción do lume, o grupo municipal socialista plantexa as seguintes preguntas:

- **¿Cándo se fixo a derradeira revisión das bocas de auga do Concello?.**
- **¿Qué deficiencias importantes se atoparon?.**
- **¿Quen dirixiu e asinou a revisión?.**

RESPOSTA DO SR.VILAR, CMÑ.- En relación coa revisión das bocas temos un empregado que se adica ó mantemento, ten vehículo propio para facilitar o seu desprazamento, e revisa como mínimo dúas veces ó ano por temas de baldeo.

En canto ás deficiencias atopadas, o informe que me pasou foi "pérdida de auga e falta de xunta", as cales están reparadas e respostas.

A revisión a fixo Vías e Obras a través dese departamento de mantemento, se ben non hai nada firmado posto que son traballos que se lle instan verbalmente, co que él cumpre, non teño ningunha dúbida, é a persoa que ten esa responsabilidade.



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

2º.- Dado que se está a producir un preocupante incremento dos accidentes de tráfico nos viais do termo municipal e, en especial, nos pasos de peóns con consecuencias graves para os veciños e veciñas, o grupo municipal socialista plantexa as seguintes preguntas:

- ¿Qué iniciativas está a tomar o goberno municipal para evitar a crecente peligrosidade nas nosas rúas?.

- ¿Qué foi do Plan Integral de seguridade vial, financiado pola Deputación, presentado fai cinco anos?.

RESPOSTA DO SR.ALCALDE.- As iniciativas son continuas, de feito o que se está facendo coas melloras de ruas, sinalética, etc., é para mellorar a seguridade; de tódolos xeitos non é que haxa un incremento importante con respecto a outros anos; pero os puntos máis importantes son a carretera da COPTOPV, de Ramallosa a Baiona, e nós fixeramos un informe fai 8 meses e a anterior Delegada e a Conselleira non nos contestaron; nós indicabamos os problemas que había e aportamos ideas, incluso, para buscar as solucións; neste momento estamos falando coa nova Xunta para tratar de que, si estas propostas nosas non foran as adecuadas, que nos comenten cales son para poder mellorar.

Plan Integral de Seguridade vial, financiado pola Deputación; a financiación é en canto á sinalética, mellora de carreteras, como estamos falando do tema de Baredo, de Bahiña, de Belesar; neste momento se vai empezar unha obra importantísima, que xa comentáramos, que é a de beirarrúas dende a Praza de Abastos cara ó Xuncal, retirando a antiga beirarrúa que ía ó Colexio, que xa ten moita antigüidade e non tiña recollida de auga, facendo un pavimento mellor. Tódalas iniciativas son buscando a mellora e a seguridade vial.

3º.- O antigo Camiño Real, entre Gaseosas El Pombal e o Burgo atópase dende fai polo menos dous anos nunha situación lamentable.

A calzada está destrozada, non existen beirarrúas e o perigo para peóns e vehículos é evidente.

Frente a esta situación e a inactividade do goberno municipal é polo que o grupo municipal socialista plantexa a seguinte pregunta:

- ¿Cándo vai o goberno municipal a solucionar a urbanización definitiva do antigo Camiño Real e arranxar o seu vial?.

RESPOSTA DA SRA.SIMONS, PP.- El ámbito del que hablan realmente está entre dos PERIS, del cual uno de ellos, el IV, está recientemente urbanizado; y en el PERI III, tras varios problemas en la Junta de Compensación, lo que ocurrió es que se ralentizó un poco la obra, pero hoy mismo ya están adecuando el firme que va a constar de dos fases: una será la de tapar los baches, y la segunda, la de colocación de asfaltado, quedando otro pendiente para la urbanización definitiva.

4º.- O acordo que se fixo coa concesión do aparcamento da Palma, ía condicionado a facer o arranxo de tódala superficie da Palma, PREGUNTAMOS cando se ten pensado iniciar estas obras e en qué estado están.

5º.- Por mór das obras que se están a facer na rúa Elduayen, estánse a retirar as árbores que están nas beirarrúas, PREGUNTAMOS qué tratamento se lle está dando a eses árbores, si se ten pensado repólos, ou que vaise a facer con eles.

6º.- ¿Porqué non se adopta a solución de facer pasos de peóns elevados?, iso cumpriría dúas funcións importantes: una, limitar a velocidade, e outra, garantiza a accesibilidade por todo Baiona. Polo tanto, PREGUNTAMOS porqué non se fai, ou ROGAMOS que se faga.

SR.ALCALDE.- Contestaremos no próximo Pleno.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

PREGUNTAS DO BNG.

SR.VALVERDE.-

1.- ¿Sabe cá é o número de parados existentes na actualidade no Concello de Baiona?. Vou a responder eu: 955 según ó último informe, un 46% máis que fai 1 ano.

2.- ¿Cántos postos de traballo ten creado o Concello no que levamos de ano co fin de paliar os efectos da crise no noso Concello?.

3.- Na valoración de candidatos a un posto de traballo no Concello de Baiona ¿barémase dalgún xeito o feito de que o candidato, ou candidata, sexa membro dunha unidade familiar na cal ningún dos seus membros esté percibindo ningún tipo de prestación social?. ¿Sabe cuántas familias do noso Concello se atopan nesta situación?. ¿Ten pensado o Sr.Alcalde facer algo para solucionar de maneira urxente esta situación?.

SR.FERNANDEZ.-

- Nos últimos tempos temos visto, pola acción deste goberno local, como os membros da Xunta de Goberno pasan polo Xulgado; temos visto como hai concesións, xa sen ningún tipo de posibilidade de apelar, que foron revocadas no Xulgado, e nos preocupa enormemente a cantidade de veces que se está resolvendo por parte do Xulgado en contra de decisións deste goberno; e nos preocupa ver, na prensa de hoxe, en El País, páx.2, editorial de Galicia, un titular que dí: "La Secretaria y el jurídico de Baiona imputados por prevaricación"; eu preguntaría lle Sr.Alcalde ¿en qué fase se atopa este expediente e que tipo de consecuencias pode traer ó Concello?.

SR.ALCALDE.- Contestareille no próximo Pleno o que se refiere a prazos, pero sí digo unha cousa: a Secretaria Municipal e o Asesor Xurídico gozan da miña total confianza; a indignidade humana está presente e aparece sempre; non teño nada máis que dicir; de todas formas este Concello ten moitas cousas a favor; e incluso hai Xulgados que dín unha cousa nunha instancia, e outra na contraria. Repito que a miña total confianza no equipo técnico do Concello de Baiona; a honradez ó traballo que desempeñan é, dende logo, un orgullo para un Alcalde como eu e creo que o Concello de Baiona terá que dar moitas grazas á xente que hoxe temos aquí traballando.

SR.FERNANDEZ.- Me alegro que teña esa confianza pero non pregunteille iso, preguntei en qué fase se atopa e se pode levar a un fin malo para o Concello.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.